

CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E ENTIDADES LOCAIS PARA A REALIZACIÓN DE DETERMINADAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou con distintas entidades locais os instrumentos convencionais para a realización de determinadas actuacións de mellora das infraestruturas turísticas daquelas, por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que os instrumentos convencionais teñen por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e as entidades locais para a realización de actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, que teñan por finalidade o fomento da recuperación, da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural de cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro.- Que ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a *“información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”*.

Segundo.- O artigo 148.1.18ª da Constitución establece como competencia da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.



A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Terceiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Cuarto.- O 29 de novembro de 2019 publicouse no DOG, núm. 228, a Resolución do 19 de novembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas no medio rural e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TU501B).

No prazo de presentación, recibíronse un total de 211 solicitudes, das cales algunhas foron inadmitidas e desistidas por diversas causas.

Quinto.- O pasado 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde declarou pandemia internacional a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19.

Mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O estado de alarma declarado está sendo prorrogado co sometemento ás mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. Prórrogas que alcanzarán ata o vindeiro 21 de xuño de 2020.

As restricións á libre circulación de persoas acordadas polas autoridades está a afectar a todos os sectores da nosa economía, pero especialmente produciuse un forte impacto no sector turístico que se viu obrigado ao peche dos seus negocios pola Orde SND/257/2020 pola que se declara a suspensión de apertura ao público de establecementos de aloxamento turístico en beneficio da contención sanitaria da pandemia para evitar a concentración de traballadores e clientes en aloxamentos turísticos, que deben compartir determinados espazos comúns, que implica un incremento do risco de contaxio.



Por outra banda e aínda contando co levantamento do estado de alarma, a incertidume que xera a COVID-19 fai pensar nunha menor demanda de servizos turísticos, unha limitación ás concentracións de público e nunha forte baixada do turismo especialmente internacional. Unha nova etapa que supón un cambio de modelo e que nos vai a esixir situar a Galicia como un destino seguro.

Razóns que motivaron a anulación da devandita convocatoria de subvencións.

Porén unha vez iniciada a desescalada cara unha nova normalidade e a medida que se van recuperando a mobilidade da poboación e se permite a apertura de establecementos e a prestación de servizos turísticos, sempre coas limitacións sanitarias, cómpre tomar medidas de reactivación do sector turístico, entre as que se atopan as axudas as citadas entidades para que poidan mellorar as infraestruturas turísticas no medio rural.

Por motivos de axilidade na tramitación, a Axencia Turismo de Galicia, contando co crédito axeitado e suficiente, ofreceu a posibilidade de asinar convenios a todas as entidades que tiveran presentado en prazo a súa solicitude e que reunían os requisitos para obter a subvención, ao abeiro da convocatoria antes indicada.

Manifestaron interese pola sinatura dos convenios, un total de 139 para os proxectos que se sinalan no seguinte cadro:

ENTIDADE BENEFICIARIA	OBXECTO SUBVENCIÓN 2020
Concello da Merca	Soterramento do tendido eléctrico no entorno da igrexa da Mezquita
Concello de Vila de Cruces	Accesibilidade ás Insuas de Gres
Concello de Arnoia	Creación de mirador, acceso ao mirador e sinalización turística no Monte dos Chaos
Concello de Crecente	Posta en valor de pontes históricas no concello
Concello de Petín	Mellora e embelecemento do acceso e da sinalización da igrexa románica de Sta. Maria de Mones
Concello de Foz	Mellora e renovación de sinalización turística do concello
Concello de Arbo	Acondicionamento de diferentes recursos no concello de Arbo
Concello de Ribadavia	Soterramento do cableado do casco histórico de Ribadavia
Concello de Baralla	Execución dun parking de vehículos lixeiros na área fluvial de Baralla
Concello de Zas	Creación, sinalización e homologación da ruta da auga de Zas
Concello de Culleredo	Acondicionamento do parque Torre de Celas (Celas) Ano 2020
Concello de Cartelle	Remate do acceso ao cruceiro de Outomuro e ao parque Padre Feijoo
Concello de Fornelos de Montes	Mellora da sinalización física e electrónica dos recursos turísticos de Fornelos





ENTIDADE BENEFICIARIA	OBXECTO SUBVENCIÓN 2020
Concello de Vedra	Acondicionamento de ruta e area de interpretación dos muiños do concello
Concello de Sober	Rehabilitación e posta en valor de alpendre tradicionala no entorno Santuario Cadeiras
Concello de Mesía	Colocación varanda de seguridade nas brañas da Valga (Vilasantoña)
Concello de Catoira	Creación de itinerario peoníl accesible para equipos de emerxencia e mellora da sinalización nas Torres do Oeste (Bic)
Concello de Quiroga	Acondicionamento Área de lecer na zona do Albergue
Concello de Mondariz	Proxecto sendeiro da Fragado Aboal
Concello de Dumbría	Reparación da pasarela de acceso á fervenza doÉzaro
Concello de Valga	Mellora sa accesibilidade e da sinalización na praia Área lúdico- recreativa de Vilarello
Concello de Riotorto	Sinalización de recursos turísticos e da ruta do Ferro
Concello de Viveiro	Excavación arqueolóxica e posta en valor de garita e a súa entorna en Monte Faro- Viveiro
Concello de Paderne	Mellora e acondicionamento de fontes e prazas en Paderne
Concello de Gondomar	Interpretación e localización dos recursos turísticos do concello
Concello de Riveira	Mellora da accesibilidade ao mirador Pedra da Ra
Concello de Castro Caldelas	Adecuación e sinalización de ruta de sendeirismo das "Fervenzas do Edo"
Concello de Ribeira de Piquín	Adecuación de espazo público para estacionamento de vehículos de visitantes en Chao de Pusadoiro
Concello de Vilar de Santos	Proxecto para a mellora da infraestrutura de turismo ornitolóxico na ZEPA-LIMIA
Concello da Estrada	Sinalización de recursos turísticos do concello
Concello de Triacastela	Mellora da senda con creación de miradoiros e colocación de sinalización turística nas igrexas e capelas de Triacastela
Concello de Xove	Adecuación de espazo destinado a estacionamento de vehículos e acollida de autocaravanas na contorna da praia de Esteiro
Concello de Touro	Touro é camiño. Aplicación de realidade aumentada
Concello de San Cibrao das Viñas	Mellora da ruta de sendeirismo en Laxe e sinalización no concello
Concello de Covelo	Área de estacionamento e servizos para autocaravanas
Concello de Teo	Sinalización interpretativa da ruta da Batalla de Cacheiras e instalación dunha pequena Área de lecer no percorrido
Concello de Vilar de Barrio	Creación de ruta de sendeirismo Serra San Mamede-Poza da Moura e recuperación de areas degradadas





ENTIDADE BENEFICIARIA	OBXECTO SUBVENCIÓN 2020
Concello da Lama	Mellora e embelecemento do entorno dos pazos existentes na pedreira e instalación de sinalización turística
Concello do Saviñao	Obras de construción de mirador con vistas ao meandro de "Cabo do mundo" do río Miño
Concello de Miño	Sinalización e colocacións de paneis informativos dos recursos turísticos municipais
Concello de Paradela	Sinalización de recursos turísticos no concello
Concello de Pontearreas	Observatorio nocturno e miradoiro interpretativo no parque forestal Couso-Guláns
Concello de Xermade	Mellora da accesibilidade aos recursos turísticos do concello
Concello de San Xoán de Río	San Xoan de Río, paseo a través do patrimonio cultural
Concello de Tui	Mellora das infraestruturas turísticas no concello
Concello de Baleira	Actuacións a desenvolver no concello de Baleira nas infraestruturas turísticas do medio rural
Concello de Carballada de Valdeorras	Mellora da accesibilidade ás piscinas naturalizadas de Sobrado
Concello de Forcarei	Pedras que contan historias
Concello de Fene	Información e sinalización de espazos de interese paisaxística
Concello da Mezquita	Sinalización interpretativa do patrimonio cultural do concello da Mezquita vinculado ao camiño de Santiago
Concello de Ares	Posta en valor da alianza aresana como centro de promoción da cultura e patrimonio indiano
Concello de Coles	Sinalización ruta de sendeirismo en Coles
Concello de Xunqueira de Ambía	Actuacións para reposición de galería e rehabilitación de faldón na casa rectoral
Concello de Arzúa	Actuacións mellora infraestruturas turísticas no medio rural
Concello de Carnota	Subministros para embelecemento e sinalización dos recursos turísticos de Carnota
Concello de Avión	Embelecemento de espazo destinado a usos e actividades culturais, tradicionais e turísticas
Concello de Ramirás	Acondicionamento e mellora de ruta de sendeirismo no concello
Concello de Leiro	Mellora no campo da feira e adecuación do entorno de Pena Corneira
Concello da Pobra de Trives	Mellora e embelecemento do acceso e sinalización da igrexa románica de San Salvador de Sobrado
Concello de Frades	Recuperación e dixitalización de sala etnográfica: agricultura, gandería e fogar





ENTIDADE BENEFICIARIA	OBXECTO SUBVENCIÓN 2020
Concello de Carballo	Proxecto mesa panorámica accesible no mirador de Vilela
Concello de Porto do Son	Aseos adaptados e servizo de socorrismo na Praia de Ornanda
Concello de Vilasantar	Acondicionamento de ruta dos muíños do río das Gándaras (Vilasantar) ano 2020
Concello do Corgo	Mellora da accesibilidade dos recursos turísticos
Concello de Palas de Rei	Mellora estética de instalacións no camiño de Santiago ao seu paso por Palas de Rei
Concello de Sobrado	Construcción de pasarela na lagoa de Sobrado
Concello de Ponteceso	Aparcadoiro de autocaravanas en Corme
Mancomunidad de Terras do Avia	Ocultación de contenedores
Concello de Oza-Cesuras	Mellora infraestruturas turística: rehabilitación de bloque sanitario-multiusos no Paraxón
Concello de Guntín	Actuacións de mellora das infraestruturas turísticas do concello
Concello de Vimianzo	Creación dunha ruta de sendeirismo pola paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba
Concello de Cerceda	Dotación de accesibilidade e mellora da iluminación ornamental do xardín botánico
Agrupación Concellos Comarca de Quiroga	Sinalización no Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel
Concello de Moraña	Embelecemento do contorno do patrimonio histórico-cultural no concello
Concello de Dodro	Obras de conservación e restauración do hórreo do arco de Castro
Concello de Ribas de Sil	Materiais e maquinaria para terminación edificio para museo Minaria Romana
Concello de Marín	Substitución de cuberta do lavadoiro, acondicionamento de fonte e o seu entorno na Roza, San Xián
Concello de Muíños	Mellora das infraestruturas turísticas no concello
Concello de Laza	Embelecemento e melloras de acceso na area recreativa de Regueiro Seco, en Laza
Concello de Pedrafita do Cebreiro	Mellora de infraestruturas turísticas no entronco do Camiño de Santiago. Recostrucción de muros tradicionais de mampostería, acondicionamento do pavimento e arranxo da fonte en Padornelo
Concello de Outes	Sinalización turística dos recursos naturais e patrimoniais vinculados a rutas existentes no concello
Concello da Teixeira	Creación e adecuación dun miradoiro no Monte do Outeiro
Concello de Vereá	Construcción de miradoiro





ENTIDADE BENEFICIARIA	OBXECTO SUBVENCIÓN 2020
Concello da Baña	Aparcamento de caravanas en Couto Carballo
Concello de Mondoñedo	Proxecto de mellora de infraestruturas turísticas 2020
Concello das Somozas	As Somozas: sinalización temática dos recursos turísticos estratéxicos
Concello de Cervo	Soterramento de cableado e instalación de sinalización turística no conxunto histórico artístico de Sargadelos
Concello de Boimorto	Eliminación de cableado aéreo na vía de Vilanova a Campo do Rosario
Concello de San Cristovo de Cea	Miradoiro en Oseira
Concello da Pontenova	Iluminación no forno do Boulloso
Concello de Outeiro de Rei	Actuación de melora das infraestruturas turísticas do concello
Concello de Toén	Mirador do Banco máis bonito do Ribeiro. Puga-Toén
Concello de Baños de Molgas	Creación dun roteiro circular interpretativo polo río Arnoia ao seu paso por Baños de Molgas
Concello de Begonte	Sinalización dos recursos turísticos do concello
Concello de Pereiro de Aguiar	Ruta do Loña
Concello de Arteixo	Recuperación do camiño tradicional de Monteagudo á capela da estrela
Concello do Carballiño	Mellora da accesibilidade, creación de miradoiro e instalación de sinalización no entorno da Pena dos Namorados
Concello de Antas de Ulla	Sinalización dos recursos turísticos do concello
Concello de Ortigueira	Mellora do entorno do muiño do campo da Torre
Concello de Pol	Pol, un recorrido polo patrimonio cultural (sinalización e posta en valor do patrimonio cultural do concello)
Concello de Abegondo	Posta en valor do Castro de Cerneda como un recurso patrimonial e turístico
Concello de Poio	Mellora infraestruturas turísticas no concello de Poio. Sinalización recursos, Ruta dos muiños Freixa e Samiera
Concello de Maside	Ruta do Románico
Concello de Coristanco	Instalación paneis de sinalización e información do espazo natural Verdes
Concello do Vicedo	Sendeiro o Fuciño do Porco, o fin do mundo da Mariña Lucense
Concello de Allariz	Reforma do edificio de información e turismo e obras de accesibilidade no seu entorno
Concello de Ribadumia	Acondicionamento do aparcamento da Area recreativa de Cabanelas
Concello de Pantón	Sinalización intelixente dos recursos turísticos do concello
Mancomunidade do Salnés	Substitución da sinalización do recurso turístico: variante espiritual do camiño Portugués



ENTIDADE BENEFICIARIA	OBXECTO SUBVENCIÓN 2020
Concello da Fonsagrada	Acondicionamento da rúa Bolaño
Concello de Cabana de Bergantiños	Instalación de panis de sinalización turística para o Dolmen de Dombate
Concello de Vilamarín	Recuperación de labadoiros, fontes e fornos creando a ruta: Auga e Pan, vida de mulleres e peregrinos
Concello de Calvos de Randín	Visibilización do castelo da Picoña para dinamización do Couto Mixto a través do patrimonio arqueolóxico
Concello da Veiga	Sinalización turística e creación miradoiro paisaxístico en Valdín
Agrupación Concellos Mondoñedo-Pontenova-Riotorto	Creación dunha ruta BTT de longo percorrido vinculada aos oficios tradicionais
Concello de Oia	Roteiros da Valga
Concello de Cee	Subministro mobiliario urbano camiño de Santiago-Casco urbano de Cee: cubrecontedores
Concello de Ordes	Recuperación do muíño novo e posta en valor da ruta do río Mercurín
Concello das Nogais	Mellora da senda de acceso á Torre de Doncos, mellora de entorno do miradoiro e instalación de iluminación da torre.
Concello de Xinzo de Límia	Mellora habilitación espazos adicados estacionamento vehículos para redución de impacto negativo no Camiño Santiago
Mancomunidad Municipios Arousa Norte	Sinalización destino Arousa Norte e panelización do percorrido terrestre que acompaña á Ruta Xacobeá Mar de Arousa-Río Ulla
Concello de Padrón	Alumeado ornamental do Camiño de Santiago no lugar de Cruces
Concello de Noia	Substitución do sistema de alumeado público ornamental na igrexa de San Martín de Noia
Concello de Viana do Bolo	Sinalización turística nas estradas de Viana do Bolo
Concello de Cospeito	Creación do parque das ciencias, a historia e as artes e conexión co centro de interpretación da Lagoa
Concello da Laracha	Rehabilitación e accesibilidade do entorno turístico de Gabenlle
Concello de Alfoz	Melloras nos accesos á ferverza do Escouridal
Concello de Cedeira	Sinalización de rutas Santo André de Teixido e intervención no campo do Castro
Concello de Boqueixón	Actuacións de rehabilitación no Campo do Río de Ponte Ledesma
Concello de Monforte de Lemos	Posta en valor da Torre da Homenaxe e Patio interior do Centro do Viño
Concello de Celanova	Continuación do sendeiro de Freixo pola ribeira do río Arnoía
Agrupación concellos Outeiro	Sinalización da ruta de sendeirismo "Camiño das peregrinacións" Begonte,



ENTIDADE BENEFICIARIA	OBXECTO SUBVENCIÓN 2020
de Rei, Begonte e Rábade	Rábade e Outeiro de Rei
Concello de Portomarín	Embelecemento dos recursos turísticos en Portomarín
Concello de Campo Lameiro	Acondicionamento zona protección petroglifos
Concello de Cabanas	Recursos turísticos: recuperación, accesibilidade e sinalización
Concello de Baiona	Bai-Screen 2.0: instalación de dúas pantallas dinámicas de información
Concello de Lourenzá	Instalación de iluminación ornamental dos bics do concello- Mosteiro de San Salvador e Pazo de Tovar
Concello de Silleda	Dotación de sinalización e acceso da ferverza de Santa Mariña e Ferverza Férveda.
Concello de Pobra do Brollón	Adecuación do espazo destinado a estacionamento de vehículos de visitantes nas proximidades da mina romana de Ouro de Os Medos.

Que a través destes convenios, outórganse ás citadas entidades locais subvencións directas en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificultan a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura dos instrumentos convencionais que se pretenden, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

